



CASTRO DE BAROÑA

Club de Montaña O Carroucho
www.carroucho.org

23 OUTUBRO 2021

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima Ruta:
TORRES DEALTAMIRA
20 NOVEMBRO 2021

DATOS BÁSICOS

Comezo: Castro de Baroña
Remate: Castro de Baroña
Distancia lineal: 15,8 km.
Duración aproximada: 6 horas
Dificultade: Media.
Altura Máxima: 332 m.
Altura Mínima: 2,35 m.
Ascenso total: 652 m
Descenso total: 652 m

Esta ruta xira o redor do Castro de Baroña, un asentamento da Idade de Ferro no concello de Porto Do Son, A Coruña. Está erixido nun lugar de gran beleza tendo o mar coma gran compañeiro. É un dos castros mellor conservados de Galicia e está declarado Patrimonio Artístico Nacional e Ben de Interese Cultural.



É un exemplo perfecto de castro marítimo polo que os arqueólogos cren que os seus habitantes alimentábanse de pescados e mariscos aínda que non en exclusiva.

Nos acercamos a él primeramente a través dun camiño pedregoso polo que hay que camiñar con coidado e finalmente

sobre area.

Unha vez alí podemos ver perfectamente a grandiosidade das paredes da súa entrada e as súas murallas defensivas para evitar ao inimigo; construcións que servían de escalinatas de subida e baixada polo poboado dividido en dous; e tamén, claro está, estruturas con forma de elipse e circulares que servían de vivendas familiares. O seu emprazamento encóntrase nunha península rochosa que podemos explorar buscando formacións curiosas, escoitando o canto rumoroso do mar.

Pero a nosa ruta non é só sobre o castro. Así, tamén pisamos a fina area da praia que baña os seus cimentos e contemplamos os pedruscos que dentro de centos de anos serán simplemente graos desa area. Camiñamos por estreitos sendeiros rodeados de pinos e subimos a escalinata de acceso a igrexa de San Pedro de Baroña, moi ben acompañada de diversos hórreos, dous cruceiros e unha fonte. Admiramos a capacidade artística dos nosos devanceiros nos Petroglifos de A Gurita.

Por certo que dende alí tomaremos un primer contacto coa fermosa silueta



paulatinamente, serpeando co carreiro, coma cando xa o descenso pon ás aos nosos pes de camiñantes.

Acercarémonos ata o lugar onde se atopa o Cruceiro de Montemuíño onde, en agosto, celébrase unha romaría en honor A Virxe do Leite, ao que está dedicado. Pasaremos por lugares habitados, nos arredores dos cales pisaremos sobre asfalto de vías con moi pouco o ningún tráfico. Tamén por lugares solitarios e agradables para o camiñante, en un dos cales sorprendeunos a beleza dun muíño.



Camiñaremos por enclaves sombreados e estreitas corredeiras. Os nosos pasos levaránnos por sitios máis asollados e tamén haberá momentos no que o sonido da auga soará ao noso lado. Ata sortearemos algún que outro pequeno regato contento de que alguen coñeza a súa existencia solitaria. Todo para ir acercándonos cada vez máis ao mar e aproximándonos de novo ó Castro de Baroña, alí impertérrito vendo pasar os séculos.

Os nosos pés afundiránse na fina area da Praia de Arealonga nun estalido festivo para os sentidos e saudaremos as canas da senda litoral que nos aconsellan un ritmo de calma co seu vaivén acompasado. As rochas pintadas cas cores azul e bermello da Senda Local do Castro, sentirán el sonido das nosas pisadas proporcionándonos estupendos miradores sobre o azul océano, a Ría e sobre a maravilla do Castro de Baroña, un lugar realmente máxico e único.

Este percorrido non está sinalizado, aínda que o comezo e o final da ruta coincidirán coa Senda do Castro de Baroña, sinalizada con marcas en azul e vermello. Tamén pasamos algún tramo común coa Senda da Arnela en azul e verde.

En días de calor, é aconsellable protexerse do sol, pois hai tramos con vexetación baixa e pouca sombra.

gris do Monte Louro. Pois esta visión da Ría de Muros y Noia, o monte afastado, o ceo, a vexetación baixo dos nosos montes nos acompañarán longo rato no noso camiñar e serán case unha constante nesta ruta podendo contemplalos ao longo de moitos km do noso percorrido tanto cando imos ascendendo

